

HISTORIA DO MUNDO CONTEMPORÁNEO
EXAME*
UNIDADE 2

NOME	APELIDOS	CURSO
------	----------	-------

1. Marca cunha cruz a resposta correcta: (2,34 puntos)

1. A Declaración de Independencia dos Estados Unidos foi un documento redactado por Thomas Jefferson no cal se proclamaba: ☐ a desigualdade contra a liberdade ☐ o dereito á rebelión contra a tiranía ☐ a concentración de poderes na figura do rei	2. Francia e España decidiron apoiar aos colonos americanos rebeldes tras: ☐ a vitoria das milicias dirixidas por George Washington na batalla de Saratoga ☐ o fracaso absoluto da táctica de guerrillas ☐ a sinatura do Tratado de Versalles
3. A independencia dos Estados Unidos de América foi recoñecida polo Reino Unido mediante: ☐ o apoio ao Motín do Té de Boston ☐ a sinatura do Tratado de Versalles ☐ a aprobación da Constitución de 1789	4. O texto da Constitución dos Estados Unidos de América foi preparado por: ☐ cincuenta delegados ☐ trece pais fundadores ☐ a Cámara de Representantes e o Senado
5. O momento no que foron convocados os Estados Xerais en Francia estivo caracterizado: ☐ polo inexistencia de crises de subsistencia ☐ polo aumento dos prezos do trigo ☐ pola redución do paro, da mendicidade e da delincuencia	6. Os representantes dos estamentos que se ían reunir nos Estados Xerais de Francia podían facer públicas as peticións que levarían a esta reunión: ☐ nuns cadernos de queixas ☐ nunha Declaración dos Dereitos do Home e do Cidadán ☐ nunha Constitución aprobada por sufraxio universal masculino
7. Os cadernos de queixas recollidos polos representantes do terceiro estado para a reunión dos Estados Xerais reclamaban: ☐ o mantemento do réxime feudal ☐ a defensa dos privilexios tradicionais ☐ a liberdade de expresión, de reunión ou de comercio	8. As estruturas do Estado absolutista e a continuidade da sociedade estamental comezaron a ser cuestionadas en Francia a finais do século XVIII: ☐ pola gran difusión das ideas dos ilustrados ☐ polo absoluto descoñecemento do movemento ilustrado ☐ polas ansias de reformas da maioría dos membros das clases privilexiadas
9. O proceso xudicial iniciado contra o rei Luís XVI durante a época da Convención xirondina rematou coa súa execución principalmente porque: ☐ os xirondinos non querían salvalo ☐ os xacobinos pedían a condena a morte ☐ as casas reinantes europeas pedían que o guillotinasen	10. A execución do rei Luís XVI provocou unha sublevación na rexión de La Vendée na cal destacaba: ☐ o carácter monárquico e católico ☐ a ausencia de represión por parte do goberno ☐ o predominio dos partidarios do goberno de Napoleón
11. As masas populares rodearon a Asemblea durante a etapa da Convención xirondina deron paso pola forza á Convención xacobina na que destacou a figura de: ☐ María Antonieta de Austria ☐ Maximilien de Robespierre ☐ Luís Filipe de Orleans	12. A escusa da ameaza militar no exterior e dos contrarrevolucionarios no interior foi utilizada polo goberno da Convención xacobina ou montañesa para: ☐ instaurar o réxime do Terror ☐ prohibir as detencións e execucións en masa ☐ implantar o sistema feudal
13. A Santa Alianza foi unha coalición entre Rusia, Austria e Prusia que perseguía: ☐ a eliminación do absolutismo ☐ a defensa do absolutismo fronte á ameaza liberal ☐ o dereito de intervención para promover calquera movemento revolucionario	14. Os habitantes dos territorios que loitaran por liberarse da ocupación das tropas napoleónicas e coñeceran as ideas revolucionarias sobre a soberanía nacional e os dereitos humanos: ☐ seguían considerándose súbditos ☐ considerábanse cidadáns de pleno dereito ☐ non consideraban necesario participar no goberno da comunidade
15. O reinado de Luís Filipe de Orleans que se iniciou en Francia tras a revolución de 1830 caracterizouse por: ☐ defender os principios da Restauración ☐ apoiar os movementos absolutistas que xurdían por toda Europa ☐ ir incrementando pouco a pouco as tendencias autoritarias	16. Entre os motivos que impulsaron a revolución que conduciu á independencia de Bélxica respecto dos Países Baixos estaban: ☐ as diverxencias relixiosas entre Bélxica e as Provincias Unidas ☐ o predominio da relixión católica en Holanda ☐ o maior desenvolvemento económico de Bélxica

17. Os casos máis destacados de nacionalismos unificadores foron: ☐ os territorios do Imperio austrohúngaro ☐ a independencia de Bélxica e Noruega ☐ as unificacións de Italia e de Alemaña	18. Os movementos nacionalistas unificadores de Italia e de Alemaña víronse favorecidos pola: ☐ non ocupación destes territorios polas tropas napoleónicas ☐ escasa influencia das ideas do romanticismo ☐ pola necesidade de expansión económica e de unión comercial
19. Entre os principais impulsores da unificación italiana estivo: ☐ Vítor Manuel III de Savoia ☐ o rei do Piemonte-Sardeña ☐ o primeiro ministro Mazzini	20. O reino do Piemonte-Sardeña intentou incorporar na primeira fase do proceso de unificación italiana os territorios do norte aliándose: ☐ con Francia para loitar contra Austria ☐ con Austria para loitar contra Francia ☐ con Alemaña para loitar contra España

2. Explica a seguinte cuestión: (2,34 puntos)

a) O imperio napoleónico.

3. Define os seguintes conceptos tendo en conta o que estudiaches no tema:

a) ESTADOS XERAIS, DECLARACION DE DEREITOS DO HOME E DO CIADÁN, DIRECTORIO, SANTA ALIANZA e LIBERALISMO. (2,34 puntos)

4. Escolle un dos seguintes dous documentos (texto histórico ou mapa histórico) e coméntao seguindo as pautas que aparecen a continuación: (3 puntos)

Doc. 1 A Declaración de Independencia.

Sostemos [...] que todos os homes son creados iguais; que son dotados polo seu Creador de certos dereitos inalienables, entre os cales están a vida, a liberdade e a procura da felicidade; que para garantir estes dereitos se institúen entre os homes os Gobernos, que derivan os seus poderes lexítimos do consentimento dos gobernados; que sempre que unha forma de goberno se faga destrutora destes principios, o pobo ten o dereito a reformala ou a abolila [...]. Cando unha longa serie de abusos e usurpacións, dirixida invariablemente ao mesmo obxectivo, demostra o desingnio de someter o pobo a un despotismo absoluto, ten o dereito, ten o deber, de derrocar ese goberno [...]. Tal foi o paciente sufrimento destas colonias; [...] Polo tanto, os representantes dos Estados Unidos de América [...] facemos público e declaramos: Que estas Colonias Unidas son, e deben selo por dereito, Estados libres e independentes [...] e que toda vinculación política entre elas e o Estado da Gran Bretaña queda [...] totalmente disolta [...].

Filadelfia, 1776

DOCUMENTO 1

Pautas a seguir para o comentario do texto histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Natureza do texto (texto xurídico, histórico-literario, narrativo, historiográfico, económico, relixioso...)
- Época na que foi escrito
- Lugar no que foi escrito
- Autor ou autores
- Destino
- Intención e obxectivos

b) ANÁLISE

- Tema
- Temas ou ideas secundarias

c) COMENTARIO

- Exposición do tema ou temas que trata o texto, **facendo sempre referencia ao contido dos documentos**
 - Mención dos antecedentes en primeiro lugar
 - Exposición do tema e do contexto histórico co que está relacionado directamente o documento a continuación
 - Mención das consecuencias para finalizar

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica do texto como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)

DOCUMENTO 2

Pautas a seguir para o comentario do mapa histórico

a) CLASIFICACIÓN

- Título
- Tipo e carácter do mapa
- Espazo xeográfico que ocupa
- Ámbito cronolóxico que abrangue

b) ANÁLISE

- Tema principal
- Outros temas e outra información que nos aporta

c) COMENTARIO

- Exposición do tema e da información que nos aporta o mapa, **facendo sempre referencia ao contido do documento**
 - Mención dos antecedentes en primeiro lugar
 - Exposición do tema e do contexto histórico co que está relacionado directamente o documento a continuación
 - Mención das consecuencias para finalizar

d) CONCLUSIÓN

- Valoración crítica da utilidade do mapa como fonte de información sobre os feitos históricos tratados (autenticidade, exactitude, sinceridade, obxectividade, nivel de interese á hora de analizar o acontecemento ou a época histórica na que se inscribe...)

